

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 26 DE MARZO DO 2018.-

<p>Sr. Alcalde: Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo Sres. Concelleiros: Dna M^a Victoria Montenegro Paz. Dna Olimpia Marcos García. Dna. Alma Beatriz Barrón Ferro. D. José Juan Vilar Rico. D. Gustavo Pita Carballeira D, Luis Cendán Fernández. D. Emilio Mesias Farías. Dn. Manuel Bello Bouza. Dna Cristina Cadena Freire. Dna. Josefina Martínez Martínez. Dna. Marta Seijas Díaz. D. Ricardo José Lage Fernández. Sr. Secretario: D. Manuel Larrosa Rodriguez</p>	<p>No Salón de Sesiós da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e cincuenta minutos do día vinteseis de marzo do dous mil dezaeito, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>
---	--

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adóptense polo Concello Pleno os seguintes acordos:

1º.- APROBACIÓN SE PROCEDE DAS ACTAS DAS SESIÓNS PLENARIAS CORRESPONDENTES AOS DÍAS 30/10/17, 27/11/17, 30/11/17, 19/12/17, 29/12/17, 19/01/18, 05/02/18 E 26/02/2018.

Intervén o Sr. Lage Fernández, manifesta que na acta do 19/12/2017 non consta a intervención literal que solicitou e prega que se rectifique e que se recolla.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non hai proble con rectificala.

O Concello Pleno por 7 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 1 de SON DE ARES), e 6 en contra 3 (PP) e 3 (BNG), acorda prestala súa aprobación as acta das sesións celebradas polo concello os días 30/10/17, 27/11/17, 30/11/17, 19/12/17, 29/12/17, 19/01/18, 05/02/18 e 26/02/2018.

2º.- APROBACIÓN CONVENIO CO CONCELLO DE VALDOVIÑO EN MATERIA DE PERSOAL

Visto o convenio remitido polo Concello de Valdoviño segundo certificación que literalmente di:


DONA CARLOTA GONZÁLEZ NAVARRO, SECRETARIA DO CONCELLO DE VALDOVIÑO (A CORUÑA).

CERTIFICA: Que na sesión de carácter ordinario do Pleno da Corporación <leste Concello celebrada o día dezaseis de febreiro de dous mil dezaeito, adoptouse entre outros o seguinte ACORDO:

2º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VALDOVIÑO E O CONCELLO DE ARES EN MATERIA DE PERSOAL-

Proposta de Alcaldía:

"Vista a necesidade de contar con persoal de apoio no departamento de urbanismo deste Concello dada a baixa do arquitecto técnico.



Visto que ambos Concellos están amparados para a suscripción de convenios de colaboración para garantir unha prestación mais eficaz dos servizos básicos da súa competencia, en virtude do disposto nos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e nos artigos 5.2, 187 e 193 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Constando informe da Secretaría Municipal de data 08.02.2018 favorable e constando informe de intervención emitido o 09.02.2018, no que fai constar que resulta necesario previamente efectuar modificación de crédito.

Esta Alcaldía **propón** ao Pleno da Corporación que aprobe á seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Aprobar o convenio cuxo texto se transcribe literal como Anexo a este acordo, establecendo con crédito dispoñible o derivado dos aforres de gastos de persoal que deriven da baixa do aparelador municipal.

Segundo.- Remitir ao Concello de Ares o presente acordo para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Non entanto o Pleno acordará o que estime o máis conveniente

Valdoviño, 9 de febreiro do 2018."

ANEXO

"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VALDOVIÑO E O CONCELLO DE ARES EN MATERIA DE PERSOAL

En Valdoviño, a de 2018

COMPARECEN

Por unha parte, Don Alberto González Fernández, Alcalde-Presidente do Concello de Valdoviño, en uso das atribucións que lle confire o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.


Por outra parte, Don Julio Iglesias Redondo, Alcalde-Presidente do Concello de Ares, en uso das atribucións que lle confire o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécese capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto:

EXPOÑEN

1º.- Que ambas entidades locais están amparadas para a suscripción de convenios de colaboración para garantir unha prestación mais eficaz dos servizos básicos da súa competencia, en virtude do disposto nos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e nos artigos 5.2, 187 e 193 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

2º.- A Lei 2/2015 de 29 de abril de emprego público de Galicia, regula no seu artigo 209 a



realización polo persoal funcionar io propio das entidades locais de funcións e tarefas no ámbito territorial doutras entidades locais establecendo que de acordo co principio de colaboración interadminis trativa, o persoal funcionario propio dunha entidade local poderá realizar funcións e tarefas no ámbito territorial doutra entidade loca l indican do que para elo as entidades interesadas deberán formalizar o oportuno conveni o, o cal especificará o ámbito de aplicación, os servizos afectados pola realización das función e tarefas no ámbito territorial doutra entidade local , o persoal asignado aos devanditos servizos e as función s e tarefas que desenvolve rá o persoal afectado.

3º.- O Concello de Valdoviño, actualmente ten a dous funcionarios; un arquitecto e un arquitecto técnico municipal adherido aos servizos urbaní sticos en s itua ción administrativa de baixa, o que repercute directamente nunha rale ntización da tramitac ión dos expedie ntes que derivará nun perxuízo para os cida dás.

4º.- A Constitución recolle no artigo103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación, así cabe mediante a necesaria colaboración entre distintas administracións locais, poder prestar aos veciños servizos de calidade.

5º.- Que o Concello de Ares dispón entre os seus medios persoais, dun arquitecto técnico municipal que lle pode dar cobertura as necesidades deste Concello na materia que nos ocupa.

I. CLAUSULAS

1ª.- Obxecto do Convenio e ámbito de aplicación. O presente Convenio ten por obxecto establecer a forma e condicións de colaboración entre os comparecentes, posto que os dous concellos teñen interese en articular un cauce de colaboración para que a persoa designada polo Concello de Ares, que está conforme coa dita designación, poida desenvolver as súas funcións no departamento de urbanismo do Conce llo de Yaldoviño, de xeito tempora l e e ntre tanto non seseleccione a personal funcionario interino para realizar estas funcións.

18.- Servizos afectados pola realización das funcións e tarefas no ámbito territorial doutra entidade local e detalle das funcións e tarefas que desenvolverá o persoal afectado.

O arquitecto técnico designado emitirá os informes correspondentes nos expedientes que se tramiten no departamento de urbanismo do Concello de Valdoviño.

3ª.- Forma de colaboración das partes

O traballador do Concello de Ares desenvolverá as súas funcións, en horario de tarde/mañá nas dependencias administrativas do Concello de Valdoviño, na Casa Consistorial.

O Concello de Valdoviño transferirá mensualmente ó Concello de Ares os importes que deriven do seguinte cálculo:

Nº de horas de traballo realizadas mensualmen te*costehora gratificación según Acordo Regulador das Condicións de Emprego do Persoal funcionario do Concello de Ares.

Gratificación: 38,22045 €/hora

A tal efecto, nos dez primeiros días do mes seguinte, o empregado do Concello de Ares, presentará un parte de horas realizadas no mes anterior, que será asinado polo Alcalde de Concello de Valdoviño, en proba de conformidade, tramitando o gasto correspondente que será ingresado mediante transferencia bancaria.



O Concello de Ares abonará a cantidade mensual de gratificacións resultante unha vez recibido o ingreso do Concello de Valdoviño, na nómina do traballador ó final de cada mes.

4ª.- Designación do funcionario do Concello de Ares a que se lle encomenda a realización das ditas tarefas

O funcionario designado é D. Benito Calvo Castro

5ª.- Cuestións litixiosas. O presente Convenio ten carácter administrativo, réxese polo establecido nas súas cláusulas. Se non hai acordo, as cuestións litixiosas serán de coñecemento da orde xurisdiccional Contencioso-Administrativa.

6ª.- Vixencia do Convenio. O presente convenio entrará en vigor dende o momento da súa sinatura e ata a reincorporación ao traballo do funcionario do Concello de Valdoviño, ou ata que se esgote o crédito existente aínda que en calquer momento anterior, as partes poden extinguir o dito convenio, previa comunicación a outra parte con unha antelación de 5 días, polos seguintes motivos;

- Por non ser necesaria a prestación da dita colaboración, si o Concello de Valdoviño acada igualmente un funcionamento áxil dos seus servizos urbanísticos.

- Si a persoa designada para a dita colaboración, manifesta posteriormente non estar conforme con continuar prestando os seus servizos no outro termo municipal.

- Si o Concello de Ares, estima que non é posible colaborar, con motivo de dar cobertura a necesidades propias do seu concello.

Nestes supostos o empregado designado presentará un parte das horas realizadas pendentes de abonar e no prazo, e previa conformidade da Alcaldía procederase ao abono dos importes que se determinan na cláusula terceira.

O alcalde do Concello de Valdoviño O alcalde do Concello de Ares"

O Pleno, en votación ordinaria e por maioría acordou a aprobación da proposta de aprobación de convenio de colaboración en materia de persoal anteriormente descrita, así coma o contido do propio convenio.

Votos favorables de todos os concelleiros e concelleiras asistentes; agás do concelleiro Sr. Bacorelle Robles quen se abstén.


E para que así conste e produza os efectos oportunos, expido a presente Certificación co Visto e Prace do Sr. Alcalde-Presidente, don Alberto González Fernández, en Valdoviño, a dous de marzo de dous mil dezoito; coa reserva do artigo 206 do ROFRXEL.

Vº e Pr

A Secretaria

O Alcalde

Sometida a votación a Aprobación Convenio co Concello de Valdoviño en materia de Persoal, o Concello Pleno por 7 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 1 NAL e 1 SON DE ARES) 6 votos en contra (3 PP) e 3 (3 BNG), acorda aprobar o Concello de Valdoviño en materia de Persoal.



De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da "última sesión plenaria ordinaria ós efectos, de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril.

O Concello pleno dase por enterado.

4º.- MOCIÓNS E PROPOSTAS

A) Moción de Son de Ares "Ricardo Carvalho Calero".

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal Son de Ares "Ricardo Carvalho Calero", que seguidamente se transcribe,

GUSTAVO PITA CARBALLEIRA, Concelleiro -Portavoz do Grupo municipal Son de Ares, ante V.I. comparece e presenta a seguinte moción ao Pleno da Corporación municipal do Concello de Ares con base nos seguintes


EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vinteseite anos despois do pasamento de D. Ricardo Carvalho Calero, son moitas as entidades culturais, veciñais, asociacións e cidadáns que concordan unanimemente en que non pode queda máis tempo no esquecemento e nunha inxustificada marxinação a figura de Carvalho Calero, que é a día de hoxe, unha das ausencias máis clamorosas no eido das conmemoracións e homenaxes aos grandes referentes da cultura do país.

Don Ricardo Carvalho Calero, pai lingüístico de varias xeneracións, foi vítima dun interesado esquecemento por mantera súa dignidade persoal e por entender que o noso idioma forma parte do sistema lingüístico do galego -portugués, opinión diferente, pois , á oficial. Usando as súas palabras (1985) *certas elites entenden que non deben realzara personalidade dun disidente ... Que nen como estudoso nen como pensador sobr os problemas culturais da nosa terra atinxo a altura. Semel la que (en palabras de López Foxo pon en boca de Álvaro Cunqueiro) ...na rúa Tabernas aínda no saben que Carbalho.forma parte da literatura galega dende 1931.*

Non son poucos os logros que avalan a súa persoa, pois foi o redactor do Anteproxecto de Estatuto de Galiza, fundador do Partido Galeguista, autor do primeiro romance escrito en galego despois da guerra *A Gente da Barreira*, membro da RAG, primeiro director do Colexio Fingo i cun proxecto galeguista innovador, primeiro catedrático da USC de lingua e literatura galega, autor da gramática máis popular e dunha mo numen| historia da literatura galega, o maior polígrafo do S.XX , pai do reintegracionismo e un gran refrente da nosa identidade.

Sen desmerecer a ninguén, entendemos que é tempo de que os grandes méritos do profesor Carvalho Calero sexan recoñecidos por unha academia na que ingresara o 17 de maio do 1958. Somos conscientes das numerosas peticións que recibe a Real Academia Galega para elixir o autor ou autora homenaxeada cada ano, e que as posibilidades son moitas dentro da riqueza da nosa literatura. Aínda así, eremos que é obriga do Concello de Ares persistire seguir facendo camiño co fin de acadar o merecido recoñecemento para a obra e a persoa do insigne profesor R. Carvalho Calero .



Por todo o exposto, que non é máis ca un breve resumo da prolífica traxectoria profesional e humana de R. Carvalho Calero, e co fin de non deixar no esquecemento o apoio e traballo de numerosos movementos, asociacións, comisións... nestes pasados anos, o Grupo Municipal SON DE ARES propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Instar á Real Academia Galega para que se lle dedique a Ricardo Carvalho Calero o Día das Letras Galegas do ano 2019.

Asdo. Gustavo Pita Carballeira

Voceiro do grupo municipal de Son de Ares.

Sometida a votación a moción presentada polo grupo municipal Son de Ares "Ricardo Carvalho Calero", o Concello Pleno por 13 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 1 NAL, 1 SON DE ARES, 3 PP e 3BNG), acorda aprobar a moción por unanimidade.

Antes de entrar no quenda de Rogos e Preguntas o Sr. Alcalde pregunta os Srs. Voceiros se teñen algunha Moción para someter a consideración do Pleno pola vía de urxencia.
Non presentase ningunha

10º.- ROGOS E PREGUNTAS

Intervén o Sr. Alcalde dando a palabra ao voceiro do BNG.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías dicindo que a primeira das exposicións que quería apuntar refírese a acta da Xunta de Goberno onde vai o tema da obra de mellora do trazado da Estrada Ares- Chanteiro, esa que foi adjudicada ese día, hai un par de cuestións que nos gustaría que nos aclarase, no inicio era sen publicidade a contratación de esta obra, por iso levouse a mesa de contratación como se fose con publicidade e non sabemos quen tomou esa decisión, e despois hai un informe das ofertas onde tamén pon que é con publicidade aínda que o prego segue sendo sen publicidade e non se publicou no BOP, ou sexa que é sen publicidade, entón estaría ven clarificar esa cuestión.

Intervén novamente o Sr. Mesías Farías dicindo que outra das preguntas que quería facer era sobre a resolución 90/18 do programa "Xantar na Casa" onde a cantidade que ben, supoñemos que hai un desprazamento do punto non sabemos si é de 11000, queremos que se clarifique iso.


Intervén o Sr. Alcalde preguntando cal e a pregunta sobre a resolución 90/18.

Responde o Sr. Mesías dicindo que a cantidade, a resolución di o pago da aportación municipal para dito servizo no cuarto trimestre de 2017 e segundo a liquidación remitida ascende a 1.1748,96 €, que quere dicir 11748 € ou 1148 €.

Intervén a Sra. Marcos García dicindo que é 1148,96 €

Responde o Sr. Mesías Farías dicindo que entón a cantidade e esa, grazas.

Continúa o Sr. Mesías Farías dicindo que no regulamento municipal no apartado rogos e preguntas, di que podemos facer un rogo, unha pregunta a calquera concelleiro aos órganos de goberno entón di que poderá dar lugar a un debate pero non será obxecto de votación. Polo tanto, aquí hai dúas cousas primeiro un rogo de que por favor cando fagamos unha pregunta poda haber ese debate, porque moitas veces facemos a pregunta o Alcalde contesta ou non porque ten capacidade para facelo agora ou no pleno que ben e moitas veces non se nos deixa debater entón pedimos que se cumpra ese regulamento.



Intervén o Sr. Alcalde dicindo o Sr. Mesías Farías que por favor lea o artigo.

Responde o Sr. Mesías lendo o art. 29 Rogos e Preguntas, no orde do día das sesións ordinarias incluírase sempre haberá un apartado final de Rogos e Preguntas, o rogo é unha proposta de actuación de calquera dos concelleiros da corporación que lle dirixe a algún dos órganos de goberno, pódese presentar oralmente ou por escrito e debaterase na sesión seguinte a súa presentación a non ser que o Alcalde xulgue conveniente contestar aos rogos orais na mesma sesión na que se presente, deberán dar lugar a un breve debate.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que entón poderán e a súa facultade como Alcalde.

Responde o Sr. Mesías Farías dicindo que efectivamente.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo entón esta no uso das súas facultades.

Responde o Sr. Mesías dicindo que non.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que era simplemente que lera o poderán, que non e deberán, non e imperativo, no é preceptivo.

Intervén o Sr. Mesías dicindo que a diferenza que teñen os dous é que vostede di que un rogo e unha pregunta a quen se dirixe e eu fago a pregunta e vostede fai a resposta e iso non é así, porque rogos e preguntas di que poderán dar lugar a debate.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que é así, é poderán ou non.

Intervén o Sr. Mesías Farías dicindo que si é así e porque vostede non quere que sexa así.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que claro que é así.


Intervén o Sr. Mesías dicindo que claro, que entón non poderán dar lugar a que vostede diga que nos preguntamos e vostedes contestan, porque vostede está impedindo que haxa debate, esa é a cuestión, si vostede non deixa debater vostede está impedindo o debate.

Continúa o Sr. Mesías dicindo que queren facer unha pregunta ao Concelleiro de Son de Ares ao respecto dunha cuestión que lle formulamos por escrito creo que foi a semana pasada, ao respecto dunhas declaracións que fixo que nos parecen bastante graves porque son unhas declaracións públicas e entón nos cremos que un concelleiro debe rectificar ou aportar datos a aquelas acusacións. En concreto era ao respecto da competencia ou non sobre a retirada dos postes que el dicía que fora o BNG quen asinara ese contrato e sen data de caducidade, unha vez que xa sabemos que isto non foi así que non foi o BNG nas competencias de contratación o que asinou ese contrato, nos non vamos a dicir que foi nos o único que dicimos que o concelleiro o Sr. Gustavo Pita debe rectificar publicamente de esas graves acusacións que fixo publicamente nas redes sociais ou no seu defecto si el ten os datos a aportar onde di que foi a área do BNG a acusación que fixo da retirada dos postes, pois que aporte os datos, a día de hoxe non fixo nin unha cousa nin outra, entón eu convídolle a que se manifeste aquí o Concelleiro de Son si o estima oportuno para ou ben rectificar publicamente as súas declaracións ou ben presentar o documento que acredita que o contrato da retirada dos postes foi cuestión da área do BNG.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que os documentos os ten el na Alcaldía.

Intervén o Sr. Gustavo Pita dicindo que se ratifica.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dando a palabra novamente ao Sr. Mesías Farías.



Continúa o Sr. Mesías Farías preguntando quen vai levar a asesoría do CIM no contrato, ese contrato cuántico que se asinou e ela non presentou, porque non consta que o presentase se presentou por rexistro o día 8 e se contratou o día 7, vista proposta que se presentou o día 8 e ela non o presentou entón aí tamén hai unha disposición ao final que di que o contrato vai depender como todos os contratos si esta ao corrente das débedas con Facenda e a Seguridade Social, como xa hai un pago do mes de febreiro que veñen nas resolucións, queremos saber si o contrato que estaba pendente de iso si xa está formalizado a día de hoxe, si xa o contrato acabou o seu percorrido.

Remata o Sr. Mesías Farías dando as grazas.

Intervén o Sr. Alcalde dando a palabra ao voceiro do PP.

Toma a palabra o Sr. Lage Fernández preguntando porque non se autorizaron unhas practicas do Instituto Rodolfo Ucha, para facer unhas practicas do módulo de Administración, polo que vemos véñense realizando habitualmente no concello, ou sexa fixéronse practicas no Servizo de Augas, no Rexistro creo que en Secretaría e cremos que isto e bo para ambas partes para o alumno e incluso para o concello, sobre todo porque as tarefas que desenrola esta xente son tarefas administrativas en tempo de vacacións como pode pasar agora no verán ou na semana santa e non entendemos porque non se autorizou as practicas a esta alumna.

Intervén a Sra. Seijas dirixíndose ao Alcalde que primeiro se autoriza, se chama ao instituto, solicítase documentación e despois se chama para asinar o convenio, que non sabe que é a alumna senón llo dicía que o pode imaxinar.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non se pode dicir porque o pleno e público e non se pode dar nome o cal me impide saber o caso.

Intervén o Sr. Lage Fernández aclarando que el non dixo o nome do alumno dixo o nome do Instituto Rodolfo Ucha

Toma a palabra a Sra. Seijas Díaz que é máis a primeira xestión que se fixo, foi ben feita fíxose na Alcaldía.


Toma a palabra o Sr. Luis Cendán dicíndolle ao Sr. Alcalde que si lle permite o aludido e el o que fixo esa xestión foi el.

Intervén novamente o Sr. Alcalde dicindo que ese tema non o leva el, e dálle a palabra ao Sr. Fernández Lage para que continúe cas preguntas.

Continúa o Sr. Lage Fernández dicindo que hai unha reclamación na Xunta de Goberno do 16/01/2018 no punto 3, despois de catro meses de finalizar o contrato hai unha reclamación de persoal de socorrismo que ten que reclamar para que se cumpra a legalidade e se lle abone o finiquito, non sei isto de que se lle liquide a unha persoa e logo ten que reclamar despois de catro meses para que se lle abone o finiquito non sei de quen e responsabilidade.

Con respecto a Chanteiro teño entendido, non teño entendido que non teño datos creo que non é propiedade a casa de Chanteiro fíxose un contrato de arras a compra foi por 230000 € segundo taxación do aparelador municipal por 240000€ e vexo que se están pedindo subvencións ao Fondo Marítimo de Pesca por importe de 96524€, 129359€ ou sexa todas estas subvencións que se piden para unha propiedade que non é nosa está sen pagar e non sabemos como a vamos a pagar aínda en base a que.

Con respecto ao convenio Casa Rectoral, xa se gastaron 50000€ na parcela anexa a casa este convenio asinou se por 50 anos prorrogables, isto xa foi ofrecido no 2004 ao goberno que estaba no seu momento por 100 anos e rexeitouse polo coste elevado que tiña naquel momento e neste, facerse cargo da



rehabilitación, unha rehabilitación que vostede cifrou en 250000€ en comisión máis ou menos, estamos falando de 250000€ máis 230000€ de Chanteiro, case medio millóns de euros que temos que desembolsar en cinco anos, e non sabemos exactamente como o vamos a pagar, é unha das preguntas que teño e aparte na casa de Chanteiro estamos pagando o IBI, auga, luz, recollida de lixo dun edificio que non é noso, esta é unhas das preguntas.

Outra das preguntas é, ábrese un expediente a un garda municipal vostede nun pleno dixo que non se podía xulgar dous veces feitos coñecidos, vostede sabe que unha é o xulgado do penal e outro é o administrativo, vostede naquel momento cerrou o administrativo porque no o viu conveniente.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que el non cerrou nada, hai informes técnicos non é que non o vira conveniente pero hai un informe técnico do Secretario favorable a ese cerre e dicir, eu aquí non fago o que me da a gana.

Continúa o Sr. Lage Fernández dicindo que a pregunta é, agora e o momento para reabrilo de novo xa que vostede dixo que non se podía xulgar.

Responde o Sr. Alcalde, feitos coñecidos aquí hai feitos novos, non se van a xulgar feitos coñecidos.

Continúa o Sr. Lage Fernández dicindo que de todas formas antes tamén era un expediente administrativo, non era xulgar dous veces, e agora volve a ser outra vez un expediente administrativo.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que o expediente administrativo se suspende porque ábrese o xudicial e se suspende a petición do Cabo da Policía que presenta un escrito dicindo que estes feitos están sendo coñecidos polo xulgado entón a visa atractiva da protección penal procede suspender a vía administrativa e se suspendeu, cando recae sentenza se abre e os mesmos que constan son os mesmos da sentenza co que se cerra porque non procede iso e o que di o dereito administrativo, agora hai un escrito novo que presenta esa policía local, en atención a ese feito novo ábrese que vai a pasar pois non o sei eu non son o instrutor do expediente, entón mediante un escrito pois ábrese o expediente isto e algo que non había antes e esa é a razón, por iso digo que non poñamos dúbidas sobre isto.


Intervén o Sr. Lage Fernández dicindo que non puxo dúbidas sobre isto e continúa preguntando polas obras da estrada de Chanteiro, entendemos que hai una falta de previsión por parte do concello hai un informe técnico do 30/11/2017 do equipo técnico do concello para realizar unhas obras na estrada de Chanteiro e isto non se pon a licitación en marcha ata o 23/02/2018 creo que a Electricidade Permuy queremos que se nos xustifique a falta de previsión da paralización de esas obras.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que simplemente no orzamento do ano pasado non estaban previstas, e houbo que esperar ao orzamento deste ano e expoñelo ao público, son trámites administrativos, pero en calquera caso o procedemento de contratación esixe unha serie de requisitos e son as que efectivamente pois fai que as cousas non vaian tan rápido como un quere e esa é a razón, os cartos veñen no orzamento deste ano.

Intervén novamente o Sr. Lage Fernández dicindo que quedou unha pregunta do pleno anterior sen facer que é máis que nada un rogo, do tema de obras e servizos na intersección da Rúa Real-Mazote hai un espello para darlle visibilidade aos que veñen da dereita pero non pola esquerda e por onde está máis cega a rúa e pola esquerda e por onde se circula a unha velocidade excesiva, non se respecta o control de velocidade é moi perigoso e calquera día pode haber un accidente, estou falando do xiro da Rúa Real cara o Mazote.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que alí hai un stop.

Toma a palabra o Sr. Lage Fernández dicindo que si, pero que a visibilidade que hai non é suficiente para a velocidade que veñen os do lado dereito



Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que tanto dun lado como de outro fan falta espellos.

Responde o Sr. Lage Fernández dicindo que é o que queren.

Continúa o Sr. Lage Fernández dicindo que as varandas que están preto do concello, as que están preto do Navío e as do concello están en mal estado, haberá que tomar medidas cara o verano para evitar o acceso de toda a cativería porque estase destrozando o entorno do concello, non só e a suciedade senón que rompen as varandas e o teito.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que o teito foi o vento, que os nenos/as están ben aquí, hai unha zona de acceso wifi, os nenos/as entran se sentan e navegan ca wifi e comen pipas, son nenos/as e eu entendo que non debemos limitar o acceso dos nenos a un punto wifi cómodo onde non hai tránsito de coches os pais están nunha terraza e eles aquí que rompen as varandas pois se volven poñer.

Intervén o Sr. Lage Fernández dicindo que a mellor a solución e poñer outro punto wifi.

Responde o Sr. Alcalde preguntando porque molestan os nenos/as aquí.

Intervén o Sr. Lage Fernández dicindo que non nomeou a palabra molestia, o que dixo foi que ocasionaban danos.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que foi unha decisión que se tomou fai anos e estamos encantados de ter aos nenos aquí seguros, hai cámaras ao redor e si rompen varandas pois que lle vamos a facer, tamén rompen os parques infantís e non os votamos, aquí rompen as varandas e certo porque se poñen de pé nelas e acaban vencendo o pasamáns, volvese a soldar e non pasa nada.

Intervén novamente o Sr. Fernández Lage co último rogo, é polo tema de como están as rúas de Ares polos adoquíns, o venres vin como caía unha señora en pleno mercadillo cun adoquín que estaba levantado, entón que se tomen medidas para solucionalo.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que saben que repoñemos e volvemos a repoñer e se levantan, votamos formigón.

Toma a palabra o Sr. Lage Fernández dicindo que cada día que hai mercadillo cae alguén.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que ese e o problema as furgonetas do mercadillo.

Intervén a Sra. Seijas Díaz preguntando si pode facer un rogo.


Responde o Sr. Alcalde dicindo que si.

Intervén novamente a Sra. Seijas Díaz dicindo que na saída do noso garaxe na Avda. de Redes, habería que poñer unha sinal alí para saír a Avda. de Redes, realmente non se pode saír a ningún sitio porque é dirección prohibida, os coches entran e saen por dirección prohibida.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non entende.

Toma a palabra a Sra. Seijas Díaz dicindo que do garaxe non se pode saír a Avda de Redes porque é dirección prohibida.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que hai liña continua.



Continúa a Sra. Seijas Díaz dicindo que a Rúa San José e de entrada independentemente da liña que haxa na Avda de Redes.

Responde o Sr. Alcalde, na San José depende desde onde.

Continúa a Sr. Seijas Díaz dicindo que non que é dirección prohibida.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que saíndo do seu garaxe non, porque a sinal e anterior.

Continúa a Sra. Seijas Díaz dicindo que si pero que hai un problema, que os coches saen do garaxe ese trozo e os que aparcan ao lado, e o día menos pensado vai a haber un problema si alguén pensa que é dirección prohibida, o normal Julio é que a rúa sexa de dirección única.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non é así porque na Rúa María non está prohibida todo o tramo e de dobre sentido ata a Capela do Carmen, pois aí e o mesmo, aí é dun único sentido dende o cruce pero dende a saída do garaxe e de dobre sentido.

Continúa a Sra. Seijas Díaz dicindo que entón haberá que sinalizado dalgunha maneira.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que hai xente que entra pola Avda de Redes e non entra pola súa dereita, en España circúlase pola dereita entón hai persoas que entran a Rúa San José pensando que é de dirección única e non entran pola súa dereita, entran polo medio e si hai un coche que ven pola súa dereita pode haber un problema, o mesmo que na Rúa María.

Continúa a Sra. Seijas Díaz dicindo que na Rúa María está sinalizado.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que se sinalizan as prohibicións.

Continúa a Sra. Seijas Díaz dicindo que no seu día falou co Sr. Fernando e dixo que para uns metros que daba o mesmo.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que foi el quen fixo o informe.

Continúa a Sra. Seijas Díaz dicindo que o problema e que xa van varios casos de nenos con bicicletas e un día a alguén non lle vai dar tempo a frear, é unha cuestión de seguridade.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que quen pon as sinais é a policía local, e o policía local dixo que iso estaba ben.

Continúa a Sra. Seijas Díaz dicindo que claro pero visto que en dous anos que leva isto houbo problemas e o problema pode ser maior e despois votaremos as maos a cabeza.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que quen pon as sinais non é o Alcalde.

Toma a palabra a Sra. Seijas Díaz dicindo que si, pero que dende a Alcaldía poderá dicir algo aos municipais para que o estuden.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que hai xente no público que quere intervir e que non podemos facelos esperar mais o que era mais confuso o fun respondendo grazas a un dialogo razoable, vou a facer uso de reservarme a contestar con mais detalle no próximo pleno, porque hai xente que quere intervir entón son quince rogos e preguntas e isto supón media hora mais, reservome facendo uso das facultades que teño como Alcalde a contestar a isto no seguinte pleno,
Procedemos a darlle a palabra a un veciño que pediu o uso da palabra non o facemos esperar máis e en consecuencia levantase a sesión.



CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)

Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as doce horas e corenta e cinco minutos do día ó comezo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

